



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DA CONVOCATORIA DE 5 AXUDAS DE MOBILIDADE DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 1 AO 5 DE MAIO DE 2023, ORGANIZADO POLA KAUNO KOLEGIJA EN KAUNAS (LITUANIA) NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 GLOBDIVES

Mediante Resolución Reitoral de 16 de febreiro de 2023 na que se regula a convocatoria do epígrafe, unha vez publicada a Resolución provisional de concesión,

ESTA REITORÍA RESOLVE

- 1.- Publicar a lista definitiva de axudas concedidas no anexo I.
- 2.- Publicar a lista de agarda por orde de preferencia no anexo II.

De conformidade co establecido nos apartado da 9 da referida convocatoria:

A persoa beneficiaria deberá:

- a. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación, e con todas as bases previstas nesta convocatoria.
- b. Permanecer matriculadas/os na Universidade de Vigo durante o período que se realiza a mobilidade.
- c. Remitir á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, indicando na exposición de motivos como asunto "Bolsa mobilidade_OPI_proxecto Erasmus+ GLOBDIVES" a seguinte documentación para a xestión e xustificación da súa estadia:

c.1) A partir do día seguinte á publicación da resolución definitiva de concesión da axuda as persoas beneficiarias terán un prazo de 5 días naturais para:

- Presentar a aceptación ou renuncia da axuda.
- No caso de presentar a aceptación da axuda deberá acompañar una ficha de pagos por transferencia bancaria (modelo que será proporcionada pola OPI) e certificado da titularidade da conta bancaria xunto cunha copia do NIF ou documento equivalente para os trámites requiridos polos servizos contables. De non presentar a aceptación nese prazo, entenderase que renuncian. As renuncias posteriores ás aceptacións deberá presentarse por escrito dirixido á Oficina de Proxectos Internacionais e a través da sede electrónica. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.





c.2) Antes do inicio da estadia:

- Copia do itinerario de voo.
- Copia do seguro de viaxe realizado pola alumna/o que inclúa atención sanitaria, responsabilidade civil e repatriación ao longo de todo o período que comprenda a súa estadia.

c.3) Unha vez finalizada a estadia:

- Certificado orixinal de participación activa no proxecto GLOBDIVES pola universidade organizadora sen emendas nin riscos.
- Tarxetas de embarque.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo na data de sinatura electrónica
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación
Belén Rubio Armesto





ANEXO I : LISTA DEFINITIVA DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Orde	DNI
1	***9867**
2	***5606**
3	***1281**
4	***5937**
5	***9211**

ANEXO II: LISTA DEFINITIVA DE AGARDA

Orde	DNI
1	***4541**
2	***9971**
3	***6636**
4	***0563**
5	***6283**
6	***5604**
7	***1639**
8	***7420**
9	***8026**
10	***6420**
11	***5770**
12	***4812**
13	***5438**
14	***9379**

